

A simboloxía do raposo na fraseoloxía do chinés e do español¹

The symbology of the fox in the phraseology of Chinese and Spanish

Liqun Wang

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Ao longo da historia, os animais desempeñaron un papel importante na vida do ser humano. O raposo, como animal que viviu en moitas partes do mundo, acompañou á humanidade desde tempos moi antigos e debido ao frecuente contacto con este animal, a xente adquiriu pouco a pouco coñecementos profundos sobre el e se lle atribuíron unha serie de valores que se cree que representa. Tanto na lingua chinesa como na española existen moitas expresións fixas relacionadas co raposo, pero as súas connotacións en ambas linguas non coíndiden na súa totalidade. Neste traballo realízase un estudo contrastivo dos simbolismos do raposo na fraseoloxía do chinés e do español. De ese estudo, revélanse tanto diverxencias como coincidencias dos valores do raposo nas dúas culturas, o cal non só facilita a aprendizaxe das linguas senón que tamén favorece a comunicación intercultural entre dous pobos.

Palabras clave: lingua, cultura, fraseoloxía chinesa, fraseoloxía española, simboloxía, raposo.

Abstract: Throughout history, animals have played an important role in human life. The fox, as a type of animal that has lived in many parts of the world. It has always accompanied mankind since ancient times. Through constant contacts with this animal, people have gradually acquired profound knowledge about it and attribute to it a series of values that they believe it represents. In both Chinese and Spanish there are many fixed expressions related to this animal, but the connotations of the fox in both languages are not completely coincident. In this paper we carry out a contrastive study of the symbolisms of the fox in Chinese and Spanish phraseology. From this study, both divergences and coincidences of fox values in the two cultures are revealed, which not only facilitates language learning but also favors intercultural communication between two peoples.

Key words: language, culture, Chinese phraseology, Spanish phraseology, symbol, fox.

¹ Data de recepción: 03.02.23. Data de aceptación: 15.03.23. Traducido do orixinal en castelán por Nerea Peleteiro Fernández.

1. Introducción

A lingua e a cultura están moi relacionadas. Por unha parte, a lingua é o espello da cultura, xa que en cada lingua existen moitas expresións como as unidades fraseolóxicas (UF), que reflicten «las costumbres, las tradiciones, la sabiduría y las experiencias adquiridas por cada pueblo» (Wu, 2014). Desde este punto de vista, unha lingua non só é un medio de comunicación entre falantes, senón que tamén é un recipiente de compoñentes culturais da nación. Por outra parte, os elementos culturais de cada nación, como parte importante da lingua, a desenvolven e a enriquecen. Desde este punto de vista, pódese dicir que en certa medida unha determinada lingua é o produto dunha determinada cultura.

Dada a interconexión entre a lingua e a cultura, para comprender unha lingua estranxeira é necesario coñecer tamén a cultura do país no que se fala. Así que, na aprendizaxe dunha lingua, «un estudiante extranjero necesitará conocer no solamente aspectos de la gramática y del léxico de una lengua sino también otros conocimientos adicionales de tipo cultural» (Luque Nadal, 2019: 95). A pesar de certos fenómenos culturais compartidos por toda a humanidade, cada pobo pode ter as súas peculiaridades culturais. Nos estudos culturais, estas peculiaridades, é dicir, valores ou simbolismos específicos que representan un obxecto ou unha idea nunha determinada comunidade lingüística, fan referencia aos culturemas. Segundo Luque Nadal (2019: 95), un culturema é «cualquier elemento simbólico específico cultural, simple o complejo, que corresponda a un objeto, idea, actividad o hecho, que sea suficientemente conocido entre los miembros de una sociedad, que tenga valor simbólico y sirva de guía, referencia, o modelo de interpretación o acción para los miembros de dicha sociedad». Precisamente pola existencia dos culturemas, ás veces pode pasar que un obxecto coñecido por persoas de distintas nacións teña connotacións ben diferentes nas súas culturas e, polo tanto, nas súas linguas. Esas diverxencias poden producir malentendidos na comunicación intercultural e poden converterse en obstáculos de aprendizaxe dunha lingua.

O raposo, como un animal que xa existía desde tempos moi remotos, é familiar tanto para o pobo chinés como para o español e, ao longo da historia, a xente de ambas nacións creou numerosas metáforas ou UF relacionadas con este animal e moitas destas seguen vixentes en ambas sociedades. Con todo, as connotacións deste animal en ditas expresións figuradas non son necesariamente coincidentes polas diferenzas culturais entre a nación chinesa e a española.

2. Obxectivos e métodos

Neste traballo, preténdese realizar un estudo contrastivo das UF relacionadas co raposo en ambas linguas, co obxectivo de revelar as diversas connotacións que ambos pobos atribúen a este animal. Desta maneira, tamén se revelarán tanto diferenzas como similitudes entre dúas culturas tan afastadas como a chinesa e a española. Pois, unha análise deste tipo, é dicir, a análise contrastiva das UF en diferentes linguas, «sacar a la luz la existencia, por un lado, de temas comunes y, por otro, de los rasgos culturales propios de cada país, de cada zona geográfica y climática» (Sevilla Muñoz y Jesús Cantera, 2002:14). Por unha

parte, este estudo pode axudar na aprendizaxe destas dúas linguas e na comunicación intercultural entre os dous pobos. Por outra parte, pódenos axudar a comprender mellor a estreita relación entre os códigos lingüísticos e os códigos culturais.

Para realizar dita análise, primeiro, recompiláronse numerosas UF usuais vinculadas co raposo en ambas linguas mediante fontes diferentes como dicionarios, libros e internet formando un corpus non exhaustivo. Logo analizáronse os significados ou a orixe das UF en cada lingua, para clasificalas segundo o tipo de esquemas metafóricos ao que corresponden. Finalmente, preséntanse os simbolismos do raposo nas UF destas dúas linguas de forma contrastiva revelando diferenzas ou similitudes nas súas imaxes figurativas na fraseoloxía do chinés e na do español.

3. O raposo na fraseoloxía chinesa

Na lingua chinesa son abundantes as expresións, lendas ou fábulas relacionadas co raposo, pois a palabra «raposo» (en español «zorro») penetrou no máis profundo da súa lingua e cultura converténdose nun signo ideográfico que pode expresar ricos sentidos figurativos na comunicación diaria. A continuación, presentaranse as distintas imaxes figurativas asociadas ao raposo na fraseoloxía chinesa.

3.1. Persoa astuta

Na cultura chinesa téndese a comparar a unha persoa astuta co raposo. A comparación estereotipada 像狐狸般狡猾 (xiàng hú lí bān jiǎo huá) [SP: como raposo así astuto; SL: tan astuto coma un raposo.]² úsase frecuentemente para describir a astucia dunha persoa (Wen, 2004). Tamén tenden a chamar a unha persoa astuta 老狐狸 (lǎo hú lí) [SP: vello raposo; SL: raposo vello].

Este simbolismo tamén se presenta en moitos *chengyu*³. Por exemplo, 豺狐之心 (chái hú zhī xīn) [SP: chacal raposo corazón; SL: corazóns de chacal e raposo], significa que unha persoa é tan cruel como un chacal e tan astuta coma un raposo (He, 2004). 虎党狐倂 (hǔ dǎng hú chí) [SP: Tigre partido raposo banda SL: Partido de tigres e banda de raposos] refírese ás persoas brutas e astutas (He, 2004).

Por que asocian a unha persoa astuta co raposo? Segundo Ning (2001), un motivo pode ser que na antigüidade cazaban animais para manterse con vida e polos seus contactos con este animal déronse conta de que o raposo era un animal moi asusto. Os raposos son moi áxiles e teñen olfacto e oídos moi finos, que os fan capaces de darse conta das trampas tendidas pola xente e escapar do perigo. Tamén saben facerse os tolos ou levar a cabo accións estrañas para distraer e confundir animais como coellos ou paxaros e así lanzarse sobre eles converténdoo nas súas presas. Polo tanto, esta imaxe astuta do raposo ten que ver coa observación da xente do carácter e comportamento do raposo.

² SP = Significado palabra por palabra, SL = Significado literal. Neste traballo, para a presentación das UF en chinés, seguiuuse o seguinte formato: UF en chinés orixinal (a pronunciación) [Significado palabra por palabra; Significado literal:]

³ En chinés: 成语 (chéng yǔ) é un tipo de UF na lingua chinesa. Os *chengyu* son expresións fixas de catro caracteres, cun estilo elegante, e teñen a súa orixe nos escritos antigos.

Esa astucia do raposo asociada coa súa habilidade de disimulación para lograr os seus fins tamén serve de fonte para a creación de moitos *xiehouyu*⁴:

狐狸哭兔子 —— 假慈悲 (hú lí kū tù zǐ —— jiǎ cí bēi) [SP: Raposo chorar coello —— falsa misericordia; SL: Raposo chora a morte do coello, que é unha falsa misericordia.]

狐狸想吃鸡 —— 脸上笑嘻嘻 (hú lí xiǎng chī jī —— liǎn shàng xiào xī xī) [SP: Raposo quere comer galiñas —— na súa cara sorriso; SL: Cando o raposo sorrí as galiñas, o que quere é acercalas e comelas.]

狐狸看鸡 —— 越看越少 (hú lí kàn jī —— yuè kàn yuè shǎo) [SP: Raposo custodiar galiñas —— cada vez menos; SL: O raposo non pode coidar as galiñas porque as comerá.]

狐狸找羊交朋友 —— 不存好心 (hú lí zhǎo yáng jiāo péng yǒu —— bù cún hǎo xīn, jū xīn bù liáng) [SP: Raposo buscar ovella facerse amigo, —— non ten boa intención; SL: Cando o raposo quere facerse amigo da ovella, hai que ter coidado porque non ten máis intención que comela]

Todas estas expresións indican que hai que ter moito coidado cando de súpeto o noso inimigo nos trata dunha maneira amistosa porque é moi probable que detrás deste se esconda a súa verdadeira intención que é maliciosa e tenta ferirnos. Un fraseoloxismo español equivalente a estas pode ser *Cuando la zorra predica no están seguros los pollos*, que tamén aconsella desconfiar de aqueles que empregan medios contrarios aos seus hábitos para conseguir certos obxectivos.

Como se describe en moitos contos tradicionais chineses⁵, aínda que o raposo pode adoptar unha forma humana para enganar á xente, non poden esconder os seus rabos. Por iso, o rabo do raposo é a clave para identificalo. En chinés, a expresión 狐狸尾巴 (hú lí wěi bā) [SP: raposo rabo; SL: o rabo do raposo] é usada para indicar a verdadeira intención dunha persoa enganosa ou a proba dunha intriga. Cando unha persoa astuta ou mala revela a súa verdadeira intención sen querer ou por descoído, dise: *Por fin se muestra la cola del zorro*. Tamén se escoitan frases como «La cola del zorro no se esconde» ou «Si es zorro, tarde o temprano se ve su cola», para dicir que as persoas astutas non poden conseguir enganar á xente por moitos esforzos que fagan para disimular a súa verdadeira intención.

⁴ No chinés: 歇后语 (xiē hòu yǔ). É un tipo de UF peculiar da lingua chinesa. Con estilo coloquial, vulgar e humorístico, teñen unha estrutura dividida en dúas partes, separadas por un guiño. A primeira é normalmente unha descrición viva dunha acción ou unha cousa mediante figuras retóricas, mentras que a segunda é a explicación da primeira e á vez o significado verdadeiro da expresión.

⁵ Os contos tradicionais chineses forman un xénero literario propio da literatura clásica chinesa. Xurdiron por primeira vez nas dinastías do Norte e do Sur de China (420 -589) e baseáanse en lendas, mitoloxías, contos folclóricos e anécdotas que circulan no pobo chinés. As historias deste tipo normalmente se desenvolven nun mundo no que o ser humano convive con espíritos reencarnados en plantas ou animais. Unha das obras máis representativas deste xénero literario é *Cuentos de Liaozhai* (聊斋志异) de Pu Songling, nela hai varias historias de romance que relatan o amor entre persoas e raposas reencarnadas en figuras humanas.

3.2. Persoa vil

Máis alá da astucia, na cultura chinesa, o raposo adoita relacionarse coa maldade. É dicir, o raposo pode simbolizar a persoas malas de todo tipo.

O raposo pode representar ás persoas malas que saben aproveitarse dos demais e usan medios infames para conseguir os seus obxectivos. O *chengyu* 狐假虎威 (hú jiǎ hǔ wēi) [SP: raposo falso tigre poderío; SL: O raposo aproveita o poderío do tigre] é unha expresión moi utilizada na vida diaria, que significa que unha persoa aproveita o poderío doutra para ameazar ás demais (He, 2004). Esta UF provén dunha fábula do libro *Estrategias de los Reinos Combatientes* (战国策)⁶. Cóntase que na selva viven moitos animais e o tigre é o rei da selva, xa que é un animal feroz e forte. Normalmente, ao ver o tigre os outros animais teñen moito medo e corren inmediatamente. Un día un raposo caeu en mans do tigre e como sabía que xa era tarde para escapar, díxolle: non me podes devorar porque son o rei da selva recoñecido polo emperador do ceo. Se me devoras, o señor castigarate. Como o tigre non llo cría, o raposo engadiu: se non me cres, ségueme e deixa que eu camiñe diante, xa verás como os outros animais escaparán ao verme. O tigre aceptou e foi co raposo a dar unha volta pola selva. Ao ver os dous de lonxe, os animais fuxiron rapidamente. E o tigre creu que o que dixerá o raposo era verdade, sen comprender que en realidade os animais se afastaban pola súa presenza. Isto non só é unha mostra de que o raposo sabe aproveitarse dos demais senón que é unha mostra da súa astucia.

O *chengyu* 狐媚猿攀 (hú mèi yuán pān) [SP: raposo adular mono trepar; SL: sabe adular como un raposo e sabe trepar como un mono] úsase para satirizar as persoas que saben procurar fama e fortuna por todos os medios (He, 2004).

Outro *chengyu* 城狐社鼠 (chéng hú shè shǔ) [SP: muralla raposo templo rato; SL: o raposo que se esconde na muralla e o rato que se esconde no templo] describe ás persoas que fan cousas malas sen ser castigadas por contar con algún obxecto ou algunha persoa que as protexa (He, 2004).

O raposo emprégase tamén para describir á xente que fai cousas malas ás escondidas, lonxe dos demais. Como animais moi astutos que son, para esconderse da persecución do ser humano e de outros inimigos feroces, os raposos agóchanse polo día e saen pola noite. A xente asocia esa natureza do raposo con persoas que fan cousas indecentes secretamente, como os ladróns. Nese sentido, esa imaxe do raposo é similar á do rato na sociedade chinesa. Por iso, hai moitas expresións que conteñen «raposo» e «rato» con este significado.

O *chengyu* 狐潜鼠伏 (hú qián shǔ fú) [SP: raposo esconder rato esconder; SL: raposo e rato se esconden] significa que unha persoa se esconde coma un raposo e un rato para evitar tropezar con outras (He, 2004).

⁶ Unha obra clásica da historiografía chinesa. A obra conta cun total de 33 capítulos nos que se relatan os acontecementos dos principais estados durante o Período dos Reinos Combatentes y tamén se usan moitas das fábulas para dar leccións á xente.

O *chengyu* 鼠踪狐迹 (shǔ zōng hú jì) [SP: rato pegada raposo pista; SL: as pegadas do rato e do raposo] indica que un esconde as súas pegadas e leva unha vida secreta (He, 2004).

Hai unha expresión moi similar á anterior pero cun significado moi distinto:

犬迹狐踪 (quǎn jì hú zōng) [SP: can pegada raposo pista; SL: as pegadas de can e raposo], que significa que un non ten moita habilidade (He, 2004).

O *chengyu* 狐奔鼠窜 (hú bēn shǔ cuàn) [SP: raposo corre rato escapar; SL: raposo e rato escapan en desorde] significa que unha persoa escapa dunha situación moi desconcertada (He, 2004). Úsase moito na guerra para describir como se retira unha tropa vencida.

O raposo pode representar a persoas malas que se xuntan para facer cousas indecentes. En chinés o *chengyu* 狐群狗党 (hú qún gǒu dǎng) [SP: raposo rabaño can partido; SL: rabaño de raposos e partido de cans] úsase para referirse a unha banda de persoas malas (He, 2004). Outro *chengyu* moi parecido a este é 狐朋狗友 (hú péng gǒu yǒu) [SP: raposo amigo can amigo; SL: amigos como raposo e can], que normalmente se emprega para describir a amizade entre persoas vagas que se xuntan para divertirse todos os días e non fan cousas decentes (He, 2004). O *chengyu* 狐唱泉和 (hú chàng xiān hé) [SP: raposo canta curuxa acompaña; SL: Cando o raposo canta a curuxa faille os coros] significa que as persoas malas conspiran para cometer actos ilícitos (He, 2004).

3.3. Persoa nostálxica

A imaxe figurativa do raposo non sempre é negativa. En chinés o raposo tamén simboliza a xente nostálxica, que nunca esquece a súa terra natal. Din que cando o raposo está morrendo coloca a súa cabeza cara onde se sitúa a súa cova. Na obra *Liji* (礼记) dise: 狐死正丘首·仁也 (hú sǐ zhèng qiū shǒu · rén yě) [SP: raposo morrer xusto oiteiro cabeza, gratitude. SL: Cando o raposo sabe que vai a morrer, coloca a súa cabeza cara o oiteiro onde está a súa cova]. A súa cova é o lugar que lle ofrece refuxio durante a súa vida. Esa acción do animal mostra que mantén un sentimento nostálxico e de agradecemento cara a súa cova. (Ning, 2010).

Na antiga china, a xente comparaba a nostalgia pola familia e a preocupación pola patria que gardaban os desterrados con esta acción do raposo. E esta convertiuse nunha alusión literaria que aparecía moitas veces nas creacións literarias. Qu Yuan era un gran poeta chinés da dinastía Chu. Como funcionario, entregábase ao soberano da súa patria. Con todo, pola envexa e a difamación, o soberano ordenou o seu desterro e tivo que separarse das súas familias e da súa terra natal. Obrigouse a levar unha vida chea de miseria pero nunca se queixou do soberano. Non se deixou dobregar durante o seu exilio e escribiu numerosos poemas inmortais impregnados de amor cara a súa patria e o seu pobo. No seu poema *Jiu Zhang* (九章) dixo: 鸟飞反故乡兮·狐死必首丘 (niǎo fēi fǎn gù xiāng xī, hú sǐ bì shǒu qiū) [SP: paxaro voar volver pobo natal, raposo morrer seguramente cabeza oiteiro; SL: os paxaros voan moi alto no ceo e acabarán volvendo aos seus niños e cando os raposos van a morrer, colocarán as súas cabezas cara o oiteiro

onde están as súas covas] (Ning, 2010). Outro poeta Lu You da dinastía Song, no seu poema *Cien años*(百年), escribiu estes dous versos: 壮心空似骥伏枥·病骨敢怀狐首丘 (zhuàng xīn kōng sì jì fú lì · bīng gǔ gǎn huái hú shǒu qiū) [SL: Aínda que sigo tendo ambición, xa estou vello. Mais aínda gardo a miña nostalxia polo meu pobo e o meu desexo de sacrificarme á patria da mesma forma que o raposo non esquece a súa cova ata a morte] para expresar o seu amor pola patria e a súa decisión de preocuparse por ela ata a súa morte (Ning, 2010). E logo vén a expresión 狐死首丘(hú sǐ shǒu qiū) [SP: Raposo morre cabeza outeiro; SL: Cando os raposos van morrer, colocarán as súas cabezas cara o outeiro onde quedan as súas covas] ou 狐首丘(hú shǒu qiū) [SP: Raposo cabeza outeiro; SL: Cando os raposos van morrer, colocarán as súas cabezas cara o outeiro onde están as súas covas] para describir a unha persoa que non se esquece da súa raíz e sinte nostalxia pola súa terra natal (He, 2004).

3.4. Persoa suspicaz

O raposo ten un carácter prudente e suspicaz. Iso ten que ver coa necesidade de sobrevivir nun hábitat cheo de riscos de ser atacados ou capturados. A xente coñece moi ben ese carácter típico do raposo e o relaciona cunha persoa suspicaz. O *chengyu* 狐埋狐搨 (hú mái hú hú) [SP: raposo enterrar sospeitar escavar; SL: O raposo enterra a comida e pouco despois a escava para confirmar se segue alí] úsase para describir a unha persoa que é demasiado suspicaz e cambia as súas ideas de vez en cando (He, 2004). Na obra *Hanshu·Wendiji* (汉书·文帝纪), vése o uso da expresión 朕狐疑 (zhèn hú yí) [SP: eu raposo sospeitar; SL: Eu sospeito coma un raposo] (Ning, 2010). Logo na obra *Yanshijiaxun*(颜氏家训) da dinastía Sui explicábase que 狐之为兽·又多猜疑·故听河冰无流水声·然后敢渡·故言疑者·而称狐疑 (hú zhī wéi shòu · yòu duō cāi yí · gù tīng hé bīng wú liú shuǐ shēng · rán hòu gǎn dù · gù yán yí zhě, ér chēng hú yí) [SP: raposo animal o seu carácter suspicaz, cada vez pasar río xeo, pasar escoitando. Por iso chaman aos suspicaces raposo sospeita; SL: O raposo é un animal suspicaz. Cada vez que pasa por un río conxelado, anda con moito coidado, olfacteando e escoitando]. Por iso, se usa a palabra 狐疑 (hú yí) [SP: raposo sospeitar; SL: sospeitar como un raposo] para describir unha persoa que non para de sospeitar] (Ning 2010). As expresións con ese significado son moitas:

满腹狐疑 (mǎn fù hú yí) [SP: encher ventre raposo sospeita; SL: unha persoa está chea de sospeitas];

狐疑不决 (hú yí bù jué) [SP: raposo sospeita non decidir; SL: unha persoa sospeita sen decidir];

狐疑不断 (hú yí bú duàn) [SP: raposo sospeita non cesar; SL: unha persoa non deixa de sospeitar].

3.5. Muller provocativa

Os chineses tamén chaman as mulleres provocativas 狐狸精 (hú lí jīng) [SP: raposo espírito; SL: espíritos de raposa]. Nas lendas ou obras literarias antigas⁷, a imaxe dos espíritos da raposa eran malos. Tiñan maxia e podían converterse en mulleres fermosas para seducir os homes, que atraídos por eses espíritos acababan ata separándose das súas esposas. Por iso, úsase a expresión 狐狸精 (hú lí jīng) [SP: raposo espírito; SL: espíritos de raposa] para referirse a unha prostituta ou á amante dun home nunha relación extramatrimonial (He, 2004).

Segundo Ning (2010), na súa orixe, esa imaxe figurativa do raposo está relacionada coa súa característica de poder despedir un cheiro moi forte e duradeiro. En chinés ese cheiro chámase 臊臭 (sāo chòu). A pronunciación de 臊 (sāo) é precisamente igual á de 骚 (sāo) da palabra 风骚 (fēng sāo), que significa «provocativo». Esa metáfora tamén ten moito que ver coa súa aparencia física. O raposo é un animal cun corpo non moi grande e fraco, cun rostro encantador e uns ollos moi largos. Por iso as súas características faciais percíbense cunha sensación sedutora e coincide coa imaxe dunha muller provocativa na mente da xente. Deste xeito, asocian ás mulleres tentadoras con raposas e chámallas 狐狸精 (hú lí jīng) [SP: raposo espírito; SL: espíritos de raposa] ou 风骚女人 (fēng sāo nǚ rén) [SP: provocativa muller; SL: mulleres provocativas].

3.6. Animal sagrado ou animal tótem

Na antiga China, especialmente durante o auxe da sociedade feudal chinesa, o raposo tamén era considerado un tótem ou un animal máxico (Li e Li, 2014). Na superstición chinesa da época, a xente cría que o raposo era un animal de bo presaxio que podía transmitir mensaxes do emperador do ceo. Por iso o respectaban e o chamaban 狐仙 (hú xiān) [SP: raposo deus; SL: deus de raposo]. Desta maneira, os gritos do raposo, que son 狐鸣 (hú míng) en chinés, convertéronse no símbolo que avisaba que o emperador do ceo estaba a dar indicacións á xente. Segundo *Selección de registros históricos* (史记)⁸, cando Chen Sheng e Wu Guang⁹ planeaban unha rebelión contra o emperador Qin Er Shi, primeiro, meteron un papel onde poñía «Cheng Sheng y Wu Guang, reis» no peixe que ía comer a xente. Logo, acenderon fogueiras nun templo antigo ao mesmo tempo que imitaban gritos de raposos dicindo: Cheng Sheng e Wu Guang, reis. Así, o pobo creu que Cheng Sheng e Wu Guang estaban destinados polos deuses para substituír ao ditador. De aquí veñen o *chengyu* 篝火狐鸣 (gōu huǒ hú míng) [SP: fogueira raposo grito; SL: acender fogueira e imitar gritos de raposo] e 狐鸣鱼书 (hú míng yú shū) [SP: grito de raposo peixe papel; SL: imitar gritos de raposo e esconder papel no corpo do

⁷ Por exemplo, nas obras literarias como *La investidura de los dioses* (封神榜), *Viaje al Oeste* (西游记) e *Cuentos de Liaozhai* (聊斋志异).

⁸ É a obra maestra do historiador da dinastía Han Sima Qian (Sīmǎ Qiān 司马迁), composta entre os 109 a.C. e 91 a.C. Nesta obra nárrese a historia da China desde a época do lendario Emperador amarelo á época do propio autor, con algunhas interpolacións no texto feitas despois da súa morte. É a primeira obra histórica xeral de xénero biográfico de China.

⁹ Chen Sheng e Wu Guang foron líderes do levantamento contra a regra do Imperio Qin no século III a. C. Este era o primeiro levantamento campesiño de gran escala na historia chinesa.

peixe]. Ambos aluden a preparación para gañar o apoio do pobo antes dunha rebelión. Cabe mencionar que co paso do tempo esta imaxe sagrada do raposo foi desaparecendo e hoxe en día a maioría apenas a coñecen.

3.7. Cousas preciosas e poder

Na cultura chinesa, a pel do raposo pode representar cousas de valor. Na antigüidade, a pel do raposo era un material necesario para a confección de vestidos para a xente rica ou de alta clase social. Como este material non se conseguía facilmente, era moi caro e considerábase un símbolo de nobreza e riqueza. Hai expresións como 千羊之皮不如一狐之腋 (qiān yáng zhī pí bù rú yì hú zhī yè) [SP: mil ovella pel, non como un raposo pel; SL: As peles de mil ovellas valen menos ca a pel dun raposo] que mostran o valor da pel do raposo (He, 2004). De aquí ven o *chengyu* 一狐之裘 (yì hú zhī qiú) [SP: un raposo pel; SL: pel dun raposo], que significa que unha cousa ten moito valor (He, 2004). Dicián que había tres tipos de peles de raposo: a de cor branca, a de cor negra e a de cor amarela. Entre estas, a branca era a máis valiosa. Na obra clásica *Baihutong yishang* (白虎通·衣裳) dise: 故天子狐白, 诸侯狐黄, 大夫狐苍, 士羔裘, 亦因别尊卑也 (gù tiān zǐ hú bái, zhū hóu hú huáng, dài fu hú cāng, shì gāo qiú, yì yīn bié zūn bēi yě) [SP: o emperador raposo branco, *Zhuhou*¹⁰ raposo amarelo, *Dafui*¹¹ raposo negro, *Shi*¹² pel de ovella, para distinguir nobreza humillación; SL: O emperador viste roupa feita de pel de raposo branco, os *Zhuhou* de pel de raposo amarelo, os *Dafui* de pel de raposo negro e os *Shi* de pel de ovella. Así se distinguen os distintos rangos entre eles] (Ning, 2010). Por iso, a xente asocia as cousas con valor e as persoas talentosas coa pel de raposo. Úsase o *chengyu* 狐裘羔袖 (hú qiú gāo xiù) [SP: raposo chaleco ovella manga; SL: chaqueta feita coa pel do raposo pero con mangas feitas de pel de ovellas] para dicir que, en xeral, unha cousa é boa pero ten certo defecto (He, 2004). 雉头狐腋 (zhì tóu hú yè) [SP: faisán cabeza raposo pel; SL: chaqueta feita con plumas de faisáns e pel de raposo] significa que un se viste con luxo (He, 2004).

Debido ao valor da pel de raposo e o seu uso específico para os nobres, convertiuse nun símbolo de poder e dignidade. O *chengyu* 狐裘蒙茸 (hú qiú méng róng) [SP: pel de raposo cubrir pelo; SL: as peluxes da pel de raposo son desordenadas] significa que a situación política dun país é inestable (He, 2004).

4. O raposo na fraseoloxía española

Na lingua española, tamén existen moitas UF asociadas co raposo (*zorro*). A continuación preséntanse os seus principais simbolismos na fraseoloxía española.

4.1. Persoa astuta ou intelixente

Na cultura española, o raposo tamén simboliza a persoa astuta. Igual que na cultura chinesa, ao longo da historia, na cultura española déronse de conta de que o raposo é

¹⁰ Os señores feudales, membros máis importantes da nobreza do período Zhou周 (1046 -221 a.C).

¹¹ Son os funcionarios letrados da antiga China.

¹² Os nobles aristócratas, formados por xente educada, filósofos e funcionarios.

un animal moi listo. Crese que nunca caza nos currais que están cerca da súa cova para que ninguén sospeite que vive na zona. Frecuentemente emprégase a expresión *ser un zorro viejo* para describir a unha persoa de moita experiencia e astucia (DFEM 1994).¹³ O refrán *A la zorra, candilazo* describe a capacidade dunha persoa que consegue enganar a outra que presume de astuta (DRAPMLF 1922).¹⁴ *La zorra, por la cola* indica que non convén atacar ás persoas astutas cara a cara (DRAPMLF 1922). O refrán *Aunque mucho sabe la zorra, más sabe el que la toma* significa que unha persoa non pode confiar na súa sagacidade, porque sempre hai quen a supera (DRAPMLF 1922).

Outros refráns nos que o raposo tamén representa esta imaxe son os seguintes:

Astucia de zorro es mejor que olfato de buen cazador.

No cae dos veces el zorro en una misma trampa.

La astuta raposa¹⁵ borra las pisadas con la cola.

Cuando la zorra predica no están seguros los pollos.

O refrán *Por más que se desfigure la zorra, la descubren sus obras* mostra que por moito que intente disimular a súa verdadeira intención, esta sempre se revelará (DRAPMLF 1922), que é equivalente á expresión chinesa 狐狸的尾巴藏不住 (hú lí de wěi bā zàng bú zhù) [SP: raposo rabo non esconde; SL: o rabo do raposo non se esconde].

A diferenza da imaxe tramposa do raposo na cultura chinesa, na cultura española o raposo tamén se usa con sentido positivo para referirse a unha persoa sabia. A expresión *ser más listo que el zorro* é un cumprimento para destacar a intelixencia dunha persoa¹⁶. *Un zorro sabe más por viejo que por zorro* quere dicir que o coñecemento ou a intelixencia incrementan co paso do tempo¹⁷.

4.2. Persoa mala

Como na fraseoloxía chinesa, o raposo tamén pode representar a persoas malvadas. Por exemplo:

Zorras y alcahuetas, todas son tretas significa que de certas clases de persoas non se pode esperar nada bo (DRAPMLF 1922);

Lobo y la vulpeja, ambos son de una conseja mostra que os malvados se xuntan de forma espontánea para facer cousas malas que poidan danar a outros¹⁸. Como

¹³ DFEM=Diccionario fraseológico del español moderno (Hugo Kubarth, 1994).

¹⁴ DRAPMLF=Diccionario de refranes, adagios, proverbios modismos, locuciones y frases proverbiales de la lengua española (Sbarbi, 1922).

¹⁵ «Raposo» tamén se emprega en español como sinónimo «zorro».

¹⁶ <https://www.frasesin-spiradoras.com/self/fox-symbolism-spiritual-meanings-fox-spirit-animal#:~:text=El%20dicho%20%22listo%20como%20un%20zorro%22%20es%20un,burlar%20a%20los%20que%20trabajan%20en%20su%20contra.> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022).

¹⁷ <https://matadornetwork.com/es/15-dichos-en-espanol-cuya-traducion-al-ingles-es-cualquier-cosa-menos-litera/> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022).

¹⁸ https://apps.rae.es/DA_DATOS/TOMO_IV_HTML/LOBO_007637.html (Data de consulta: 8 de novembro

se mostrou antes, algunhas UF chinesas como 狐群狗党 (hú qún gǒu dǎng) [SP: raposo rabaño can partido; SL: rabaño de raposos e partido de cans] e 狐唱泉和 (hú chàng xiāo hé) [SP: raposo canta curuxa acompañada; SL: Cando o raposo canta a curuxa faílle os coros] teñen o mesmo sentido;

Zorra va por el mijo y no come; más dale con el rabo y sacude el grano quere dicir que a persoa mala por calquera lugar que pasa deixa a súa pegada¹⁹.

Hai unha serie de expresións relacionadas co raposo nas que este animal representa a unha persoa na que non se pode confiar e que non cambia a súa natureza ou vicios:

*El zorro podrá perder los pelos, pero no pierde la maña de cazar gallinas*²⁰ ou *Aunque muda el pelo la raposa, su natural no despoja* (DRAPMLF 1922) significa que a persoa mala non cambia a súa condición. Pois, o raposo, como outros animais, perde pelo en determinadas épocas do ano coa finalidade de adaptarse á temperatura imperante, pero este cambio é só físico, xa que non altera o seu comportamento habitual.

*Zorra mudará los dientes, más no las mentes, La zorra no se anda a grillos*²¹ e *Las zorras de mi lugar son como las demás*²² significan que cada persoa segue a súa natureza.

Meter la zorra en el gallinero significa que unha persoa provoca un problema grave por aplicar métodos inadecuados para solucionar un problema de menor importancia. Do mesmo xeito que a raposa sempre come as galiñas e esa condición non cambia (DDFH 1995). E, polo tanto, non hai que confiar nela como vixilante das galiñas, tal como aconsella o refrán: *No pongas nunca la zorra a guardar gallinas*.²³

4.3. Persoa que oculta o seu fracaso

O raposo representa as persoas que se non poden conseguir unha cousa considéranas como unha cousa que non merece a pena para ocultar o seu fracaso. Ese significado ten que ver cunha fábula de Esopo²⁴: Un raposo famento encontrou un acio de uvas grandes e xugosas, pero que estaban colgadas no alto dunha parra. Tras intentalo moitas veces, non conseguiu alcanzalas. Entón, o raposo dixo: Que parvo son! As uvas están verdes e

de 2022).

¹⁹ <https://www.eldiariomontanes.es/v/20111024/opinion/articulos/violencia-genero-creer-problema-20111024.html> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022).

²⁰ <http://www.donrefran.com/el-zorro-podra-perder-los-pelos-pero-no-pierde-la-maña-de-cazar-gallinas/#:~:text=%E2%80%9C%20E1%20zorro%20podr%C3%A1%20perder%20los%20pelos%2C%20pero,aunque%20se%20vista%20de%20seda%2C%20mona%20se%20queda%E2%80%9D>. (Data de consulta: 8 de novembro de 2022).

²¹ <https://los-proverbios.com/la-zorra-no-se-anda-a-grillos.html> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022).

²² https://sp_sp_dichos_refranes.es-academic.com/5272/Zorras (Data de consulta: 8 de novembro de 2022)

²³ <https://los-proverbios.com/no-pongamos-nunca-la-zorra-a-guardar-gallinas.html> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022)

²⁴ <https://www.fabulascortas3.com/2014/03/el-zorro-y-las-uvas.html> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022)

non se poden comer. De todas maneiras, para que as quería? Disto orixínanse varios refráns como *Agrillas eran, dijo la zorra*, *Decir lo de la zorra de la fábula: están verdes*, *o agrías* e *La zorra, cuando no llega a las uvas, dice que están verdes*, que se mofan das persoas que finxen desprezar o que secretamente anhelan e non poden conseguir (DRAPMLF 1922).

4.4. Persoa cansada

O raposo tamén está relacionado co cansazo, que é un valor inexistente na cultura chinesa. Na antigüidade, chamaban «zorro» ao utensilio usado para limpar o po, que estaba feito por un mango que se unía con tiras de pel ou cun rabo de raposo.²⁵ O continuo uso deste obxecto como utensilio para limpar enchíao de sucidade. Por iso, se usou esa palabra para referirse a unha persoa que estaba desaliñada. Segundo o DLE (2014)²⁶, *estar* [alguien] *hecho un zorro* o *estar hecho unos zorros* indica que unha persoa está moi cansada ou ten moito sono. Pódese dicir tamén *levantarse hecho unos zorros* ou *encontrarse hecho unos zorros*. Ademais de aplicarse a persoas, *estar hecho unos zorros* tamén pode significar que algo está deteriorado ou en mal estado.

4.5. Persoa que debe esforzarse para conseguir o que quere

Como o raposo tende a cazar as galiñas para comelas, as galiñas son o seu sustento imprescindible. Baseados nesa costume, xorden refráns como *Zorro dormilón, no caza gallinas* e *A raposo durmiente, no le amanece la gallina en el vientre* que significan que se unha persoa quere conseguir o seu obxectivo, ten que esforzarse. Ninguén pode obter o que quere sen facer nada (DRAPMLF 1922).

4.6. Muller provocativa

A palabra «zorra» (raposa) tamén pode referirse a unha muller que acostuma a manter relacións sexuais con homes diferentes. Este uso é similar ao chinés, no que significa muller tentadora. Segundo o DDFH (1995)²⁷, *ser una zorra* significa 'ser una prostituta'. Polo seu sentido desprezativo cara as mulleres, hoxe en día este significado xa non se usa de maneira frecuente na vida diaria.

4.7. Borracheira

Segundo o DLE (2014), a palabra «zorra» pode indicar «borrachera o efecto de emborracharse». Polo tanto, en español a locución *desollar o dormir* [alguien] *la zorra* significa que unha persoa está en estado de borracheira ou trastornado, que é sinónimo de *desollar o dormir el lobo* e *dormir la mona*. Como indica Iribarren (2013: 159) en *El porqué de los dichos*, esta expresión «alude a los beodos trasnochadores que duermen durante el día, por comparación con la zorra, que trabaja de noche, robando gallinas y aves al amparo de las sombras y tiene que dormir durante el día».

²⁵ <https://blogs.20minutos.es/yaestaellistoquetodolosabe/tag/de-donde-proviene-la-expresion-estar-hecho-unos-zorros/> (Data de consulta: 8 de novembro de 2022)

²⁶ DLE= Diccionario de la lengua española.

²⁷ DDFH=Diccionario de dichos y frases hechas (Buitrago Jiménez,1995).

4.8. Persoa ignorante ou desentendida

Na fraseoloxía española a locución *hacerse uno el zorro* significa que unha persoa aparenta ignorancia ou distracción. Existen outras locucións co mesmo significado como *hacerse [uno] el sueco*, *hacer oídos sordos* e *hacerse el tonto*.

4.9. Persoa que non ve os seus propios defectos

La zorra nunca se ve su cola describe a unha persoa que nunca ve os seus propios defectos²⁸.

5. Presentación de resultados

Os distintos valores do raposo na fraseoloxía do chinés e do español analizados nos apartados anteriores pódense visualizar na seguinte táboa:

Connotacións do raposo nas fraseoloxías do chinés e do español

Connotacións do raposo na fraseoloxía do chinés		Connotacións do raposo na fraseoloxía do español	
persoa astuta		persoa astuta	
persoa mala	persoa mala que sabe aproveitarse de outros	persoa mala	persoa mala que non cambia a súa natureza
	persoa que fai cousas malas secretamente		persoas malas que se xuntan
	persoas malas que se xuntan		
persoa nostálxica		persoa que oculta o seu fracaso	
persoa suspicaz		persoa cansada	
muller provocativa		muller provocativa	
animal sagrado		persoa desatendida	
cousas valiosas ou poder		persoa que se debe esforzar para conseguir os seus fins	
		persoa que non ve os seus propios defectos	
		borracheira	

Como se pode observar, tanto na fraseoloxía española como na chinesa, o raposo pode representar varias imaxes figurativas distintas. Cada tipo de imaxe, a súa vez, vincúlase con moitos fraseoloxismos en ambas linguas. E os exemplos que mencionamos neste traballo só forman unha parte deles.

²⁸ <https://www.academia.org.mx/consultas/obras-de-consulta-en-linea/refranero-mexicano/item/la-zorra-nunca-se-ve-su-cola> (Data de consulta: 8 de maio de 2022).

5. Conclusións

Desta análise, se revela que na maioría dos casos as connotacións do animal en cada lingua son negativas e están relacionadas coa aparencia, o carácter, os hábitos e o comportamento do raposo no seu conxunto, así como coa cultura de cada país. Ademais, algúns destes valores son iguais ou similares en ambas linguas, pois o raposo representa a persoas astutas, mulleres provocativas e persoas malas. Por outro lado, algunhas expresións son coincidentes en ambas linguas. Isto pode deberse ao coñecemento común das dúas nacións sobre algúns aspectos como a figura e a natureza deste animal.

Con todo, a simboloxía do raposo na fraseoloxía do chinés e na do español tamén presenta unha serie de diferenzas. Por exemplo, na fraseoloxía chinesa o raposo pode representar unha persoa nostálgica, unha persoa suspicaz ou con poder, pero na española estas connotacións non existen. Xa que as tradicións culturais, os costumes, as crenzas relixiosas, os modos de pensar e vivir son variados entre os países de todo o mundo. Un mesmo obxecto ou fenómeno pode causar diferentes asociacións entre a xente de diferentes países. Á parte, un mesmo obxecto nunha mesma nación pode ter valores contrarios ou os valores que representa poden variar ao longo da historia. Por iso, para a xente de diferentes contextos culturais non é fácil entender as expresións relacionadas coas peculiaridades da cultura, as cales normalmente forman parte dos obstáculos de comunicación no intercambio intercultural.

A realización dese traballo pode axudar ás persoas hispanofalantes a aprender e entender as expresións fixas do idioma chinés, e viceversa, facilitando a aprendizaxe destas dúas linguas e a comunicación intercultural entre as dúas nacións. Ademais, este traballo é unha mostra de como se relacionan as linguas do español e do chinés coas súas culturas.

6. Bibliografía

- Buitrago Jiménez, A. (2012). *Diccionario De Dichos Y Frases Hechas*. Barcelona: Espasa-Calpe SA.
- He, F. (何凡). (2015). *Diccionario de chengyu chinos (汉语成语词典)*. Chengdu: Editorial de la Universidad de Tecnología Electrónica(成都:电子科技大学出版社).
- Iribarren, J. M. (2013). *El porqué de los dichos*. Barcelona: Editorial Ariel.
- Lei, C. (雷春仪). (2022). El culturema JADE en la fraseología y la cultura chinas. *Revista de Filología de la Universidad de La Laguna*, 45, 37–58. <https://doi.org/10.25145/j.refiull.2022.45.02>.
- Lei, C. (雷春仪). (2021). Las connotaciones culturales y la fraseología de paraguas/sombrilla en chino. *Parecias*, 31, 115–125. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/031/009_lei.pdf
- Lei, C. (雷春仪). (2020). La simbología del pato mandarín en chino. *Tonos digital: Revista de estudios filológicos*, 2(39). <http://hdl.handle.net/10201/96022>
- Lei, C. (雷春仪). (2015). El pez en el léxico figurado y la fraseología del chino y del español. *Colindancias: Revista de la Red de Hispanistas de Europa Central*, 6, 239–262. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5360213.pdf>

- Li, W. (李玮) e Li, Y. (李延林). (2014). Las connotaciones culturales del zorro en el inglés y el chino, las expresiones habituales asociadas con el zorro y sus tradiciones (英汉语中“狐狸”的文化内涵及相关的习惯表达与翻译). *Revista de lingua· la educación y la enseñanza de lenguas extranjeras* (语文学刊·外语教育教学), 4, 43–45.
- Luque Nadal, L. (2009). Los culturemas: ¿unidades lingüísticas, ideológicas o culturales? *Language Design*, 11, 93–120.
- Ma, G. (马国凡). (2001). *Colección de xiehouyu*(歇后语大全). Hohhot: Editorial Popular de Mongolia Interior.
- Ning, Z. (宁佐权). (2015). Breve análisis de la formación del significado figurativo de «zorro» en los chengyu de chino (汉语成语中“狐狸”文化义生成机制浅析). *Revista académica de la Universidad de Shao Yang* (邵阳学院学报), 9(4), 64–66.
- RAE (Real Academia Española). (2014). *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa libros.
- Sbarbi, J. M. (1922). *Diccionario de Refranes, Adagios, Proverbios, Modismos, Locuciones y Frases Proverbiales de la Lengua Española*. Madrid: Librería de los Sucesores de Hernando.
- Sevilla Muñoz, J y Cantera, J. (2002). *Pocas palabras bastan*. Salamanca: Centro de Cultura Tradicional Ángel Carril.
- Valera, F e Kubarth, H. (1994). *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Editorial Gredos.
- Wen, D. (温端政). (2004). *Gran diccionario de guanyongyu chinos* (歇后语小词典). Shanghai: Editorial de Libros de Referencia de Shanghai(上海辞书出版社).
- Wu, F. (2010). Estudio fraseológico contrastivo el cerdo en chino y español. *Paremia*, 19, 171–178.

